


4.2.- SABEN FALAR GALEGO

“Saben falar galego”: Censos 1991-2001

A porcentaxe de poboación que sabe falar galego aumentou levemente na década dos noventa en cidades como Santiago de Compostela, Ourense e Vigo. Na Coruña e Lugo teñen unha baixada case imperceptible, mentres que Ferrol e, en maior medida, Pontevedra sufriron unha maior baixada das porcentaxe de persoas que saben falar galego.



O caso da cidade de Pontevedra é moi particular xa que descendeu case nun 15% a porcentaxe de persoas que saben falar galego na última década. Lembremos que o seu grao de entendemento de galego aumentara de xeito significativo.¹

As cidades do interior (Santiago de Compostela, Lugo e Ourense), a provincia da Coruña e Galicia teñen porcentaxes altas de persoas que saben falar galego mentres as cidades de costa (A Coruña, Vigo, Ferrol e Pontevedra) teñen as porcentaxes baixas.

Sabe falar galego: sectores da UDC

Sabe falar galego		Sector		
		Alumnado	PDI	PAS
Moi ben	Reconto	656	129	89
	% de sector	32,62	23,29	20,55
Ben	Reconto	947	197	209
	% de sector	47,09	35,56	48,27
Regular	Reconto	306	154	115
	% de sector	15,22	27,80	26,56
Mal	Reconto	102	74	20
	% de sector	5,07	13,36	4,62
Total	Reconto	2011	554	433
	% de sector	100,00	100,00	100,00


¹ Estes datos proceden do Censo de Poboación e Vivenda da explotación que fai o IGE e que está dispoñible na súa páxina web.

As diferenzas existentes entre alumnado, PDI e PAS son evidentes. O alumnado sabe falar mellor galego que o PDI e que o PAS. O 20,29% (falan *regular* + mal) do alumnado da UDC non sabe falar galego. A porcentaxe dos PDI e PAS que non saben falar galego é moito máis elevada que a dos/as alumnos/as (o 41,16% do PDI e o 31,18% do PAS).

Orde do grao de coñecemento do galego -saber falar- (moi ben; moi ben + ben), segundo o sector universitario		Grao de coñecemento -sabe falar-	
		Moi ben	Moi ben + ben
Orde que ocupan os distintos sector universitarios	1º	Alumnado 32,62 %	Alumnado 79,71 %
	2º	PAS 20,55 %	PAS 68,82 %
	3º	PDI 23,29 %	PDI 58,84 %

Comparación dos membros da UDC cos datos dos censos de 1991-2001


A comparación dos distintos sectores da UDC coas cidades, a provincia da Coruña e Galicia, amosa que os/as alumnos/as que saben falar galego (falan *moi ben* + *ben*) están nunha porcentaxe por riba das cidades de Ferrol e Pontevedra no ano 2001, similar á da Coruña e Vigo e por debaixo do resto de cidades e Galicia. As porcentaxes de PAS que sabe falar galego sitúanse moi preto das porcentaxes da cidade de Pontevedra no ano 2001. As porcentaxes de PDI que sabe falar galego encóntrase moi lonxe das cidades e do resto dos outros dous colectivos.



Comparación do alumnado da UDC coa década pasada e coas outras Universidades

A comparación da categoría sabe falar galego *moi ben* é moi superior no alumnado de 2003 (32,62 %) que no de 1994 (12,70%). É importante a redución que se dá na categoría fala *regular* galego (do 25,20% pasou ao 15,22%).

Sabe falar galego	Alumnado	
	1994	2003
Moi ben	12,70%	32,62%
Ben	52,90%	47,09%
Regular	25,20%	15,22%
Mal	9,20%	5,07%



O incremento dos/as alumnos/as que saben falar galego (*moi ben + ben*) na última década é dun 14,11%.

Sabe falar galego	Alumnado	
	1994	2003
Si (moi ben+ ben)	65,60%	79,71%
Non (regular+mal)	34,40%	20,29%

Se comparamos agora a utilización do galego dos/as alumnos/as das tres universidades, A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo –coas reservas necesarias debido ás distintas metodoloxías utilizadas nos estudos– resulta que no estudo de 1995 da Universidade de Santiago de Compostela amosa unha alta porcentaxe de alumnado que sabe falar galego do 95,1%.

Grao de coñecemento do galego do alumnado da USC -1995-	Porcentaxe
Ningún	1,0%
Entende	3,9%
Entende e fala	0,6%
Entende, fala e le	4,4%
Entende, fala, le e escribe	15,3%
Entende, fala, le, escribe e ten coñecementos de gramática	74,8%

No estudo da Universidade de Vigo de 1996, a porcentaxe do alumnado que tiña pouca ou ningunha dificultade para falar galego era do 91,6%.

Grao de dificultade para falar galego do alumnado da UV -1996-	
Moita dificultade	7,8%
Pouca dificultade	39,2%
Ningunha dificultade	52,4%
NS/NC	0,6%

O alumnado da Universidade da Coruña fala galego en porcentaxes similares ao das outras universidades galegas. Se comparamos as categorías *ningún* + *entende* (4,9%) da USC, *moita dificultade* (7,8%) da UV, e *mal* (5,07%) da UDC, podemos concluír que o alumnado da UDC está nunha situación intermedia entre as universidades de Santiago de Compostela e Vigo.


Saben falar galego segundo as condicións sociais de existencia: Censos 1991-2001


A importancia da escola no proceso de socialización na lingua é fundamental. Os *incrementos* máis importantes nas porcentaxes de saber falar galego prodúcense entre os grupos de idade escolar, en todas as cidades, a provincia da Coruña e en Galicia.

É interesante o aumento que se produce ao pasar dos grupos de idades máis baixas de 3-5 anos ao grupo de 6-10 anos no censo de 1991 e que en cidades como na Coruña, case se multiplica por tres.

Mantéñense as diferenzas entre as porcentaxes das persoas que “saben falar galego” en cidades da costa e as de cidades do interior. As cidades de interior, Santiago de Compostela, Ourense e Lugo teñen mellores porcentaxes en todos os grupos de idade con respecto ás cidades de costa, A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo.

Sabe falar galego: % por grupos de idade, cidades e Galicia.
Censo 1991






En canto á gráficas de *saben falar galego por nivel de estudos* e cidades, cómpre dicir que as porcentaxes máis altas no ano 1991 e no 2001 se dan na categoría de nivel 2 (estudos primarios incompletos) excepto a cidade de Pontevedra, que ten, nos dous anos aos que se fai referencia, as porcentaxes máis altas no grupo de poboación que non sabe ler nin escribir (nivel 1).

Hai un descenso xeneralizado de poboación que sabe falar galego nas cidades, excepto Santiago de Compostela que aumenta as porcentaxes en todos os niveis de estudos.


Niveis

1: Non sabe ler nin escribir; 2: Est. primarios incompletos; 3: Grad. escolar, EXB ou B. elemental; 4: E. secundarios, FP, BUP, B. superior; COU,...; 5: Estudos universitarios.

Sabe falar galego: segundo o nivel de estudos, cidades e Galicia. Censo 1991




Sabe falar galego: segundo o nivel de estudos, cidades e Galicia. Censo 2001



Na cidade de Pontevedra teñen lugar os descenso máis pronunciados: hai baixadas importantes das porcentaxes nos niveis 3/4 e 5 con descenso superiores ao 15%.


Ferrol e A Coruña tamén perden persoas que saben falar galego en cantidades salientables. Porén hai que puntualizar que en Ferrol hai un grupo que gaña persoas que saben falar galego e é o das que realizaron estudos universitarios, cunha subida leve dun 1,90%.

Comparación: "sabe falar" galego segundo o nivel de estudos, cidades e Galicia. Censos 1991-2001




A porcentaxe de persoas que saben falar galego segundo a *rama de actividade* nos anos 1991 e 2001 amosa a diferenza entre as cidades da costa (Ferrol, A Coruña, Vigo e Pontevedra) que teñen as porcentaxes máis baixas e as do interior (Ourense, Lugo e Santiago de Compostela) que teñen as porcentaxes máis altas.

Sabe falar galego: segundo a rama da actividade, cidades e Galicia. Censo 1991




O sector da agricultura e da pesca conta coas maiores porcentaxes de persoas que saben falar galego nos dous anos aos que nos referimos, seguido da construción e da industria. A porcentaxe do sector servizos está a unha considerable distancia das outras ramas de actividades. Na cidade de Ourense a construción e a industria teñen mellores porcentaxes de falantes de galego que a agricultura.

Sabe falar galego: segundo a rama da actividade, cidades e Galicia. Censo 2001



Comparación "saben falar" galego segundo a rama da actividade, cidades e Galicia. Censo 2001-1991



Nesta década reduciuse a porcentaxe de persoas que saben falar galego en todas as cidades e ramas de actividade, agás Santiago de Compostela, que mellorou nas ramas da construción e da industria cun 0,1% e 1,5% respectivamente.

As cidades de Ferrol e Pontevedra teñen os descenso máis pronunciados, e as diferenzas son moi acusadas con respecto ás outras cidades, provincia da Coruña e Galicia. O sector de servizos cun 17,6%, a industria cun 11,2% e a construción cun 11,2% na cidade de Pontevedra e o sector de agricultura/pesca cun 9,3% en Ferrol, son as ramas de actividades que máis descendieron na década a que nos referimos.

Saben falar galego: Membros da UDC segundo as condición sociais de existencia

As condicións sociais de existencia inflúen no saber falar en galego nos distintos colectivos da UDC. É significativa a relación das variables: sexo, idade, lugar de nacemento, estudos dos pais, sector de ocupación e ideoloxía do entrevistado.

O sexo empeza a ser un factor que condiciona o coñecemento oral da lingua, xa que, con diferenza ao grao de entendemento –estaban case por igual se sumamos “moi ben + ben”–, no “saber falar” os homes superan ás mulleres en 6,55 puntos no caso do alumnado.

Os factores *idade* e *lugar de nacemento* seguen a condicionar o coñecemento oral dunha maneira similar a como condicionaban o grao de entendemento. No alumnado os que máis o saben falar son as persoas menores de 29 anos e as que naceron nunha aldea de Galicia.

ALUMNADO QUE SABE FALAR O GALEGO SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Grao de coñecemento					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	(Grao de significación: .05)			
Sexo			Moi ben	Ben	Regular	Mal
Muller	76,98	23,02	30,34	46,64	18,10	4,91
Home	83,53	16,47	35,76	47,76	11,18	5,29
Idade						
17 a 20 anos	79,58	20,42	33,38	46,20	16,49	3,93
21 a 23 anos	84,34	15,66	31,87	52,47	10,99	4,67
24 a 25 anos	73,99	26,01	33,78	40,20	19,59	6,42
26 a 29 anos	75,14	24,86	31,64	43,50	17,51	7,34
Maiores de 29 anos	63,04	36,96	28,26	34,78	23,91	13,04
Lugar de nacemento						
Cidade de Galicia	79,70	20,30	26,97	52,73	18,35	1,95
Vila de Galicia	87,83	12,17	40,33	47,49	11,22	0,95
Aldea de Galicia	94,62	5,38	54,84	39,78	4,66	0,72
Resto de España	39,46	60,54	12,24	27,21	23,13	37,41
Fóra de España	60,92	39,08	28,74	32,18	16,09	22,99

Anos que leva residindo en Galicia

Primeiro ano	4,17	95,83	4,17	12,50	83,33
Entre 1 e 5 anos	8,11	91,89	2,70	5,41	24,32
Entre 6 e 10 anos	29,55	70,45	11,36	18,18	31,82
11 e máis anos	78,52	21,48	29,53	48,99	16,11

Estudos do pai

Primarios incompletos	84,91	15,09	42,77	42,14	13,84
G. escolar, EXB, B. elemental	83,12	16,88	35,19	47,93	12,73
Secundaria, BUP, FP	79,34	20,66	31,14	48,20	14,87
Universitarios	73,63	26,37	27,59	46,04	19,68

Estudos da nai

Primarios incompletos	84,97	15,03	41,04	43,93	9,83
G. escolar, EXB, B. elemental	82,94	17,06	34,12	48,82	13,58
Secundaria, BUP, FP	76,49	23,51	31,41	45,09	17,34
Universitarios	74,22	25,78	27,23	46,99	18,55

Ocupación do pai

Empresario con empregados/as	74,43	25,57	33,77	40,66	17,38
Autónomo	82,76	17,24	34,48	48,28	12,07
Empregado con titulación	79,45	20,55	30,10	49,35	15,84
Empregado sen titulación	81,58	18,42	36,12	45,45	15,79
Labrego/gandeiro	89,47	10,53	50,00	39,47	5,26

Ocupación da nai

Empresaria con empregados/as	81,72	18,28	32,26	49,46	10,75
Autónoma	80,58	19,42	37,41	43,17	16,55
Empregada con titulación	74,35	25,65	28,43	45,92	18,49
Empregada sen titulación	81,65	18,35	33,09	48,56	15,83
Labrega/gandeira	92,00	8,00	56,00	36,00	4,00
Ama de casa	80,30	19,70	30,85	49,45	14,88

Sector da actividade do pai

Agricultura, gandaría, pesca	86,67	13,33	41,33	45,33	10,00
Construción	82,78	17,22	39,19	43,59	11,36
Industria	78,17	21,83	32,97	45,20	17,47
Servizos, comercio etc.	78,73	21,27	29,87	48,87	16,07

Sector da actividade da nai

Agricultura, gandaría, pesca	94,05	5,95	51,19	42,86	2,38
Construción	58,82	41,18	35,29	23,53	35,29
Industria	82,08	17,92	39,62	42,45	15,09
Servizos, comercio etc.	79,27	20,73	30,48	48,79	15,35

Concepción de Galicia

Rexión	71,01	28,99	25,63	45,38	16,39
Autonomía	77,95	22,05	30,26	47,69	17,44
País	92,39	7,61	40,76	51,63	7,07
Nación-Estado	88,41	11,59	47,21	41,20	8,15

Que se considera fundamentalmente?

Só galego/a	93,81	6,19	49,56	44,25	5,31
Máis galego/a que español/a	90,61	9,39	38,55	52,06	9,06
Igual galego/a que español/a	78,85	21,15	29,01	49,83	19,05
Máis español/a que galego/a	60,23	39,77	14,77	45,45	27,27
Só español/a	23,38	76,62	12,99	10,39	31,17
Outras	51,11	48,89	22,22	28,89	21,11

Tanto no PDI como no alumnado expresan nun menor grao que saben falar galego os/as fillos/as de persoas con estudos universitarios –ou

secundarios nalgún caso—, mentres que os/as fillos/as de pais que só teñen estudos primarios incompletos afirman ter un maior dominio do galego oral. Sen dúbida isto débese a que proceden do rural.

Por sectores de actividades os/as entrevistados que declararon ter un maior coñecemento do galego oral son os/as que teñen os pais ocupados no sector da agricultura/gandaría/pesca e, excepcionalmente, na construción.

PDI QUE SABE FALAR O GALEGO SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Grao de coñecemento					
	Agregado		Desagregado			
	SI (Moi ben + Ben)	NON (Regular + Mal)	(Grao de significación: .05)			
			Moi ben	Ben	Regular	Mal
Idade						
Menores de 33 anos	72,45	27,55	31,63	40,82	20,41	7,14
Entre 33 e 43 anos	53,11	46,89	18,26	34,85	29,46	17,43
Maiores de 43 anos	59,07	40,93	25,12	33,95	29,30	11,63
Lugar de nacemento						
Cidade de Galicia	62,50	37,50	21,71	40,79	30,59	6,91
Vila de Galicia	80,00	20,00	38,57	41,43	15,71	4,29
Aldea de Galicia	84,44	15,56	57,78	26,67	11,11	4,44
Resto de España	21,78	78,22	4,95	16,83	39,60	38,61
Fóra de España	58,82	41,18	14,71	44,12	14,71	26,47
Anos que leva residindo en Galicia						
Primeiro ano	0,00	100,00			50,00	50,00
Entre 1 e 5 anos	8,51	91,49	2,13	6,38	27,66	63,83
11 e máis anos	45,78	54,22	10,84	34,94	36,14	18,07
Estudos do pai						
Primarios incompletos	77,61	22,39	29,85	47,76	10,45	11,94
G. escolar, EXB, B. elemental	66,49	33,51	28,11	38,38	22,70	10,81
Secundaria, BUP, FP	53,00	47,00	26,00	27,00	35,00	12,00
Universitarios	48,48	51,52	15,15	33,33	34,85	16,67
Estudos da nai						
Primarios incompletos	68,00	32,00	30,00	38,00	19,00	13,00
G. escolar, EXB, B. elemental	63,40	36,60	27,23	36,17	24,26	12,34
Secundaria, BUP, FP	43,18	56,82	13,64	29,55	43,18	13,64
Universitarios	53,60	46,40	16,00	37,60	31,20	15,20
Ocupación do pai						
Empresario con empregados/as	52,78	47,22	12,50	40,28	34,72	12,50
Autónomo	60,66	39,34	22,95	37,70	22,95	16,39
Empregado con titulación	52,04	47,96	19,00	33,03	33,94	14,03
Empregado sen titulación	71,93	28,07	30,70	41,23	15,79	12,28
Labrego/gandeiro	93,33	6,67	66,67	26,67		6,67
Ocupación da nai						
Empresaria con empregados/as	78,57	21,43	28,57	50,00	14,29	7,14
Autónoma	53,85	46,15	23,08	30,77	23,08	23,08
Empregada con titulación	54,08	45,92	17,35	36,73	36,73	9,18
Empregada sen titulación	63,89	36,11	19,44	44,44	25,00	11,11
Labrega/gandeira	88,89	11,11	66,67	22,22		11,11

Ama de casa	57,01	42,99	21,81	35,20	28,04	14,95
Sector de actividade da nai						
Agricultura, gandaría, pesca	79,31	20,69	58,62	20,69	10,34	10,34
Construción	75,00	25,00	25,00	50,00		25,00
Industria	53,85	46,15	23,08	30,77	38,46	7,69
Servizos, comercio etc.	57,28	42,72	20,39	36,89	29,13	13,59
Concepción de Galicia						
Rexión	50,91	49,09	23,64	27,27	25,45	23,64
Autonomía	47,80	52,20	14,58	33,22	35,59	16,61
País	69,89	30,11	33,33	36,56	19,35	10,75
Nación-Estado	89,41	10,59	47,06	42,35	10,59	
Que se considera fundamentalmente?						
Só galego/a	77,78	22,22	47,22	30,56	19,44	2,78
Máis galego/a que español/a	84,68	15,32	44,14	40,54	14,41	0,90
Igual galego/a que español/a	57,14	42,86	18,82	38,33	32,75	10,10
Máis español/a que galego/a	22,22	77,78		22,22	44,44	33,33
Só español/a	13,64	86,36		13,64	27,27	59,09
Outros	37,68	62,32	7,25	30,43	30,43	31,88

Se no sector do alumnado hai unha diferenza substancial entre os sexos, moito máis notable é no sector do PAS, onde os homes están por riba das mulleres en 14,17 puntos, en canto a saber falar galego.

As persoas do PAS *menores de 33 anos* declaran que teñen un maior coñecemento do galego oral que o resto. No sector do PDI, as persoas máis novas tamén o saben falar en maior porcentaxe que as máis vellas.

Do mesmo xeito que no alumnado, tamén no PAS e no PDI as persoas que naceron nunha aldea de Galicia saben falar galego máis que os outros.

No caso das persoas que integran o PAS preguntóuselles pola formación que tiñan, e resultou que á medida que teñen máis formación, saben falar galego nunha porcentaxe máis elevada.

Se analizamos a ideoloxía dos entrevistados, vemos que nos tres sectores os que consideran Galicia un país ou nación-Estado son os que mellor o sabe falar. No lado contrario –de menor coñecemento– están aquelas persoas para as que Galicia é unha rexión ou unha autonomía.

Loxicamente, as persoas que se consideran maioritariamente galegas tamén son as que mellor o saben falar e, en contraposición, as que menos o saben falar, son as que se consideran só españolas.

PAS QUE SABE FALAR O GALEGO SEGUNDO AS CONDICIÓNS SOCIAIS DE EXISTENCIA

<u>Condicións sociais de existencia</u>	Grao de coñecemento					
	Agregado		Desagregado			
	SI	NON	(Grao de significación: .05)			
	(Moi ben + Ben)	(Regular + Mal)	Moi ben	Ben	Regular	Mal
Sexo						
Muller	63,47	36,53	16,61	46,86	29,89	6,64
Home	77,64	22,36	27,33	50,31	21,12	1,24
Idade						
Menores de 33 anos	78,22	21,78	30,69	47,52	18,81	2,97
33 a 43 anos	69,95	30,05	18,23	51,72	27,09	2,96

Maiores de 43 anos	58,33	41,67	13,89	44,44	32,41	9,26
Lugar de nacemento						
Cidade de Galicia	62,92	37,08	15,42	47,50	32,08	5,00
Vila de Galicia	81,40	18,60	26,74	54,65	17,44	1,16
Aldea de Galicia	87,50	12,50	32,14	55,36	10,71	1,79
Resto de España	42,86	57,14	17,14	25,71	42,86	14,29
Fóra de España	81,25	18,75	31,25	50,00	12,50	6,25
Anos que leva residindo en Galicia						
Primeiro ano	0,00	100,00			100,00	
Entre 1 e 5 anos	0,00	100,00			33,33	66,67
Entre 6 e 10 anos	14,29	85,71		14,29	57,14	28,57
11 e máis anos	64,86	35,14	29,73	35,14	29,73	5,41
Ocupación da nai						
Empresaria con empregados/as	75,00	25,00	25,00	50,00	25,00	
Autónoma	85,29	14,71	32,35	52,94	11,76	2,94
Empregadas con titulación	77,27	22,73	22,73	54,55	22,73	
Empregadas sen titulación	60,00	40,00	27,50	32,50	40,00	
Labrega/Gandeira	95,00	5,00	35,00	60,00	5,00	
Ama de casa	65,22	34,78	17,00	48,22	28,46	6,32
Sector da actividade do pai						
Agricultura , gandería e/ou pesca	80,49	19,51	12,20	68,29	17,07	2,44
Construción	72,50	27,50	25,00	47,50	27,50	
Industria	78,31	21,69	28,92	49,40	20,48	1,20
Servizos, comercio etc.	63,26	36,74	18,60	44,65	29,77	6,98
Sector da actividade da nai						
Agricultura, gandería e/ou pesca	93,10	6,90	24,14	68,97	6,90	
Construción	100,00	0,00	100,00			
Industria	76,92	23,08	61,54	15,38	23,08	
Servizos, comercio etc.	68,75	31,25	21,02	47,73	26,70	4,55
Estudos realizados						
G. escolar, EXB, B. elemental	28,00	72,00		28,00	60,00	12,00
Secundaria, BUP, FP	63,86	36,14	18,07	45,78	32,53	3,61
Universitarios	77,02	22,98	25,11	51,91	18,72	4,26
Concepción de Galicia						
Rexión	64,58	35,42	22,92	41,67	29,17	6,25
Autonomía	65,40	34,60	15,57	49,83	29,76	4,84
País	80,95	19,05	26,19	54,76	14,29	4,76
Nación-Estado	86,36	13,64	45,45	40,91	11,36	2,27
Que se considera fundamentalmente?						
Só galego/a	80,49	19,51	31,71	48,78	17,07	2,44
Máis galego/a que español/a	77,45	22,55	22,55	54,90	16,67	5,88
Igual de galego/a que español/a	66,67	33,33	19,66	47,01	30,34	2,99
Máis español/a que galego/a	61,54	38,46		61,54	30,77	7,69
Só español/a	30,77	69,23		30,77	46,15	23,08
Outras	57,69	42,31	19,23	38,46	34,62	7,69